

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ARG	Artes gráficas	CMARG02	Preimpresión dixital	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0872	Ensamblaxe de publicacións electrónicas	2025/2026	0	213	0
MP0872_14	Preparación dos ficheiros	2025/2026	0	30	0
MP0872_24	Publicacións multimedia	2025/2026	0	61	0
MP0872_34	Publicacións web	2025/2026	0	61	0
MP0872_44	Libro electrónico	2025/2026	0	61	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ELENA PENAS SEOANE, MARCO NISI GALDO, ÁLVARO PIROLA LORENZO (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0872_14) RA1 - Prepara os ficheiros de imaxe, texto, vídeo e son, para o que analiza a súa composición e aplica modificacións para os adaptar á publicación electrónica que se vaia realizar.
(MP0872_24) RA1 - Realiza animacións, aplicando liñas de tempo, velocidade e fotogramas, en relación coas necesidades técnicas e a súa finalidade.
(MP0872_44) RA1 - Realiza maquetaxes para as converter en libros electrónicos, para o que analiza as características da publicación electrónica.
(MP0872_34) RA1 - Realiza páxinas para a web, aplicando técnicas de edición electrónica, e analiza a súa lexibilidade, usabilidade e accesibilidade.
(MP0872_44) RA2 - Publica páxinas, edicións electrónicas e multimedia, para o que analiza os requisitos da plataforma en que se vaia aplicar, e valida o seu correcto funcionamento.
(MP0872_34) RA2 - Realiza a integración de elementos para publicacións multimedia, para o que analiza a súa función estética e a accesibilidade da información, e valora a finalidade da publicación.
(MP0872_24) RA2 - Realiza a integración de elementos para publicacións multimedia, analizando a súa función estética e a accesibilidade da información, e valorando a finalidade da publicación.
(MP0872_34) RA3 - Publica páxinas, edicións electrónicas e multimedia, para o que analiza os requisitos da plataforma en que se vaia aplicar, e valida o seu correcto funcionamento.
(MP0872_24) RA3 - Publica páxinas, edicións electrónicas e multimedia, para o que analiza os requisitos da plataforma na que se vaia aplicar e valida o correcto funcionamento destas.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0872_34) CA1.1 Estruturáronse os elementos básicos da páxina web con establecemento dunha xerarquía de páxina.
(MP0872_44) CA1.1 Analizáronse as dimensións do lector de libros e adaptáronse as características de formato da páxina.

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
(MP0872_44) CA1.2 Analizáronse as dimensións do lector de libros electrónicos, con determinación das imaxes e os elementos interactivos.
(MP0872_34) CA1.4 Aplicáronse os patróns, marcos e formularios, determinando a estrutura da páxina web.
(MP0872_14) CA1.5 Elixíuse para os ficheiros o formato final adecuado en relación co produto multimedia.
(MP0872_44) CA1.5 Analizouse a necesidade de utilizar tinta electrónica segundo o texto, a visualización e a finalidade.
(MP0872_24) CA1.6 Elixíuse o formato de exportación da animación en relación coa publicación electrónica.
(MP0872_44) CA1.6 Elixíuse unha composición aplicando criterios de lexibilidade.
(MP0872_14) CA1.7 Tivéronse en conta as restricións de uso de imaxes, vídeos, tipografías e textos, como os dereitos de autor (Copyright, Copyleft, Creative Commons, etc.).
(MP0872_44) CA1.7 Aplicouse o formato adecuado para a súa utilización e/ou modificación no lector de libros, tendo en conta a relación entre os formatos e o dispositivo.
(MP0872_34) CA1.9 Desenvolveuse a páxina web cos parámetros establecidos de lexibilidade, usabilidade e accesibilidade.
(MP0872_24) CA2.1 Elixíronse os elementos propios da publicación multimedia, textos e imaxes, e o formato do dispositivo de saída.
(MP0872_44) CA2.1 Gravouse a publicación multimedia en dispositivos tipo DVD, CD e Bluera y para dispositivos de reprodución multimedia, con xustificación dos requisitos da plataforma.
(MP0872_34) CA2.1 Elixíronse os elementos propios da publicación multimedia, textos e imaxes, e o formato do dispositivo de saída.
(MP0872_24) CA2.2 Enlazáronse os elementos de navegación para un desprazamento pola publicación multimedia sen fallos.
(MP0872_34) CA2.5 Organizouse a xerarquía dos elementos da publicación electrónica, con xustificación da súa función estética.
(MP0872_24) CA2.6 Determináronse os enlaces con valoración da súa finalidade na navegación.
(MP0872_24) CA3.1 Realizáronse as probas necesarias para as utilizar na fase de validación.
(MP0872_34) CA3.1 Realizáronse as probas necesarias para as utilizar na fase de validación.
(MP0872_24) CA3.3 Gravouse a publicación multimedia en dispositivos tipo DVD, CD e Bluera y para dispositivos de reprodución multimedia, con xustificación dos requisitos da plataforma.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0872_14) RA1 - Prepara os ficheiros de imaxe, texto, vídeo e son, para o que analiza a súa composición e aplica modificacións para os adaptar á publicación electrónica que se vaia realizar.
(MP0872_24) RA1 - Realiza animacións, aplicando liñas de tempo, velocidade e fotogramas, en relación coas necesidades técnicas e a súa finalidade.
(MP0872_44) RA1 - Realiza maquetaxes para as converter en libros electrónicos, para o que analiza as características da publicación electrónica.
(MP0872_34) RA1 - Realiza páxinas para a web, aplicando técnicas de edición electrónica, e analiza a súa lexibilidade, usabilidade e accesibilidade.
(MP0872_44) RA2 - Publica páxinas, edicións electrónicas e multimedia, para o que analiza os requisitos da plataforma en que se vaia aplicar, e valida o seu correcto funcionamento.
(MP0872_34) RA2 - Realiza a integración de elementos para publicacións multimedia, para o que analiza a súa función estética e a accesibilidade da información, e valora a finalidade da publicación.
(MP0872_24) RA2 - Realiza a integración de elementos para publicacións multimedia, analizando a súa función estética e a accesibilidade da información, e valorando a finalidade da publicación.
(MP0872_34) RA3 - Publica páxinas, edicións electrónicas e multimedia, para o que analiza os requisitos da plataforma en que se vaia aplicar, e valida o seu correcto funcionamento.
(MP0872_24) RA3 - Publica páxinas, edicións electrónicas e multimedia, para o que analiza os requisitos da plataforma na que se vaia aplicar e valida o correcto funcionamento destas.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0872_14) CA1.1 Realízouse o axuste das dimensións, a resolución e o modo de cor das imaxes, con adaptación ao modo de visualización.
(MP0872_24) CA1.1 Colocáronse os elementos de deseño na liña de tempo, determinando un secuencial estruturado.
(MP0872_14) CA1.2 Aplicáronse tipografías, tamaños e estilos adecuados para os textos, en relación co dispositivo de visualización.
(MP0872_34) CA1.2 Utilizáronse as imaxes aliñándoas e editándoas, mantendo unha estrutura da páxina.
(MP0872_24) CA1.2 Elixíronse os fotogramas en función da velocidade da película e a calidade de visualización.

**Cráterios de avaliación do currículo**

(MP0872\_14) CA1.3 Determináronse nos ficheiros de vídeo o formato, o tamaño e o códec, identificando as características da publicación electrónica.

(MP0872\_44) CA1.3 Aplicáronse as características tipográficas adaptadas ao texto do lector de libros.

(MP0872\_34) CA1.3 Aplicáronse as táboas tendo en conta as súas propiedades de filas, columnas e celas.

(MP0872\_24) CA1.3 Desenvolvéronse botóns para que cumpran funcións estéticas e de navegación.

(MP0872\_14) CA1.4 Aplicáronselles aos ficheiros de son as características técnicas adecuadas á publicación electrónica onde se vaia utilizar.

(MP0872\_44) CA1.4 Aplicouse a relación de corpo, lonxitude de liña e sangría, e conseguiuuse un texto equilibrado.

(MP0872\_24) CA1.4 Elixíronse os efectos multimedia analizando o resultado estético.

(MP0872\_24) CA1.5 Aplicáronse nas animacións os sons e os vídeos cos parámetros técnicos e a calidade requirida.

(MP0872\_34) CA1.5 Aplicouse o código html de xeito sinxelo e intelixible, e analizouse a súa estrutura.

(MP0872\_14) CA1.6 Convertéronse os ficheiros de vídeo e son ao formato facéndoos compatibles coa publicación electrónica onde se vaian utilizar.

(MP0872\_34) CA1.6 Realizouse a páxina web con xustificación do deseño estético e funcional.

(MP0872\_34) CA1.7 Aplicáronse as follas de estilo CSS, e xeráronse tendo en conta a función estética e as técnicas de deseño.

(MP0872\_34) CA1.8 Desenvolvéronse as ligazóns entre as páxinas e obtívose unha correcta navegación.

(MP0872\_44) CA1.8 Utilizáronse as ferramentas xeradoras de EPUB, tendo en conta as súas características e as súas limitacións.

(MP0872\_34) CA2.2 Enlazáronse os elementos de navegación para un desprazamento pola publicación multimedia sen fallos.

(MP0872\_44) CA2.2 Editouse o libro electrónico no dispositivo lector, con identificación das funcións de visualización.

(MP0872\_24) CA2.3 Realizouse a edición do vídeo adaptándoo ao tempo, a estética, as transicións e os efectos, con xustificación da finalidade da publicación.

(MP0872\_44) CA2.3 Utilizáronse ferramentas de transferencia de ficheiros cunha xestión eficaz dos servidores remotos.

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0872\_34) CA2.3 Realizouse a edición do vídeo adaptado ao tempo, a estética, as transicións e os efectos, con xustificación da finalidade da publicación.

(MP0872\_24) CA2.4 Editouse o son realizando os axustes de tempo e volume, conseguindo a sincronización na publicación multimedia.

(MP0872\_44) CA2.4 Desenvolveuse a publicación e comprobouse o funcionamento dos elementos multimedia, con verificación a súa velocidade e da súa calidade.

(MP0872\_34) CA2.4 Editouse o son realizando os axustes de tempo e volume, e conseguiuase a sincronización na publicación multimedia.

(MP0872\_24) CA2.5 Organizouse a xerarquía dos elementos que compoñen a publicación electrónica, con xustificación da súa función estética.

(MP0872\_34) CA2.6 Determináronse as ligazóns e valorouse a súa finalidade na navegación.

(MP0872\_24) CA3.2 Aloxouse a páxina web no servidor remoto, e a páxina quedou operativa e en funcionamento.

(MP0872\_34) CA3.2 Aloxouse a páxina web no servidor remoto, e esta quedou operativa e en funcionamento.

(MP0872\_34) CA3.3 Utilizáronse ferramentas de transferencia de ficheiros, cunha xestión eficaz dos servidores remotos.

(MP0872\_24) CA3.4 Utilizáronse ferramentas de transferencia de ficheiros, cunha xestión eficaz dos servidores remotos.

(MP0872\_34) CA3.4 Desenvolveuse a publicación e comprobouse o funcionamento dos elementos multimedia, con verificación da súa velocidade e da súa calidade.

(MP0872\_24) CA3.5 Desenvolveuse a publicación con comprobación do funcionamento dos elementos multimedia, e verificouse a súa velocidade e a súa calidade.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación****MÍNIMOS EXIXIBLES:**

Consideraránse mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva os establecidos no decreto 224/2012:

- Instalación e configuración de utilidades informáticas.
- Equipamentos informáticos empregados en preimpresión.
- Mantemento operativo dos elementos informáticos.
- Preparación dos orixinais.

- Equipamentos e programas de publicacións electrónicas.
- Preparación de equipamentos, programas e materiais para o ensamblado de publicacións electrónicas.
- Identificación de ficheiros.
- Conversión de ficheiros.
- Animación vectorial.
- Animación con liñas de tempo, velocidade e fotogramas.
- Interpolacións.
- Películas .swf
- Validación de animación.
- Publicación de animación.
- Publicacións interactivas: botóns, ligazóns, hiperligazóns e menús de navegación.
- HTML.
- Follas de estilo CSS.
- Etiquetas básicas.
- Estructura das páxinas web.
- Software de creación de páxinas web.
- Montaxe de páxinas web.
- Publicación de páxinas web.
- Libro electrónico.
- Maquetaxe de libro electrónico.
- Software para creación, maquetación e validación de libro electrónico.
- Publicación de libro electrónico.

O alumno será capaz de: Preparar os diferentes tipos de ficheiros para o que analiza a súa composición e aplica as correspondentes modificacións para os adaptar ás diferentes publicacións electrónicas; Realizar animacións, aplicando liñas de tempo, velocidade e fotogramas, en relación coas necesidades técnicas e a súa finalidade; Realizar a integración de elementos para publicacións multimedia, analizando a súa función estética e a accesibilidade da información, e valorando a finalidade da publicación; Publicar páxinas, edicións electrónicas e multimedia, para o cal analiza os requisitos da plataforma en que se vaia aplicar e valida o correcto funcionamento destas; Realizar páxinas para a web, aplicando técnicas de edición electrónica, e analizando a súa lexibilidade, usabilidade e accesibilidade; Realizar a integración de elementos para publicacións multimedia, para o cal analiza a súa función estética e a accesibilidade da información, e valorar a finalidade da publicación; Publicar páxinas, edicións electrónicas e multimedia, para o cal analiza os requisitos da plataforma en que se vaia aplicar, e valida o seu correcto funcionamento; Realizar maquetaxes para as converter en libros electrónicos, para o cal analiza as características da publicación electrónica; Publicar páxinas, edicións electrónicas e multimedia, para o cal analiza os requisitos da plataforma en que se vaia aplicar, e valida o seu correcto funcionamento.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

Proba teórica e proba práctica: cun peso da parte teórico-escrita do 50% e da práctica do 50% sobre a nota final do mesmo. O conxunto da proba teórico-práctica superarase cun 5. Farase a media entre ambas partes sempre e cando alumno acade polo menos un mínimo de 5 en cada unha das partes.

Cando o alumno non supera unha das partes a calificación máxima que poderá obter é un 4.

Segundo o artigo 13.3 a) da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de Formación Profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a primeira parte da proba terá carácter eliminatorio.

Así, o alumno realizará en primeiro lugar a proba teórico-escrita. Para poder presentarse á proba práctica será indispensable ter a parte teórica aprobada, é dicir, ter unha nota de 5 puntos ou máis.

**4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento****4.a) Primeira parte da proba**

- Proba teórico-escrita: puntuará de 0 a 10.

Constará de preguntas tipo test e/ou de resposta curta. Será facilitada ao alumnado un documento impreso que non poderá ser desgrapado nin incorporar ao mesmo documentos alleos ao proceso.

As preguntas mal contestadas penalizarán. Cada 3 preguntas tipo test mal contestadas, restarase un acerto

Para a realización da proba teórico-escrita o alumno soamente necesitará un bolígrafo de tinta azul ou negra.

O tempo máximo para a realización da proba teórica é de 1 hora.

Para superar o exercicio, será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

**Normas:**

- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comezada a proba.

- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar dispoñible enriba da mesa durante todo o exame.

- A ubicación durante a proba a determinará o examinador/a á chegada dos aspirantes.

- Non se permitirán acceso con bolsos e carpetas, que se deixarán na entrada da aula.

- Non se permitirá o uso de móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.

- Dende o inicio ata o final se debe permanecer en silencio.

O incumprimento de calquera das devanditas normas suporá a calificación de 0 na proba.

#### 4.b) Segunda parte da proba

- Proba práctica: puntuará de 0 a 10.

A proba constará de tres exercicios prácticos. Todos os exercicios puntuaranse de 0 a 10. Para calcular a nota final do exame práctico realizarase a media dos tres exercicios sempre e cando o alumno acade unha nota mínima de 5 en cada un dos exercicios propostos.

Cando o alumno non supere un dos exercicios a calificación máxima que poderá obter no conxunto da proba práctica é un 4.

Para a realización da proba práctica será necesario o uso do software e do hardware específico das aulas-taller de preimpresión dixital. A duración máxima da proba práctica será de 3 horas, unha hora por exercicio.

Normas:

- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comezada a proba.

- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar dispoñible enriba da mesa durante todo o exame.

- A ubicación durante a proba a determinará o examinador/a á chegada dos aspirantes.

- Non se permitirán acceso con bolsos e carpetas, que se deixarán na entrada da aula.

- Non se permitirá o uso de móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.

- Non se poderá conectar dispositivos de almacenamiento extraíble ao ordenador nin a conexión a páxinas web.

- Dende o inicio ata o final se debe permanecer en silencio.

O incumprimento de calquera das devanditas normas suporá a calificación de 0 na proba.